



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE MARZO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 7 de marzo de 2016

HORA DE COMEZO: 19:00 h.

HORA DE REMATE: 19:40 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTE: D. Heitor Mera Herbello.

SUPLENTE: D<sup>a</sup> Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria Acctal., D<sup>a</sup> María Rodríguez Gómez e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 22 de febreiro de 2016.

### **OBRAS E SERVIZOS**

#### **2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA**

##### **2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a



## Concello de Cangas

continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

**Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.**

1.- SOLICITUDE DE J. F. V. (BAR "O CAIXÓN DE QUINI"), para a ocupación de 13,65 m<sup>2</sup>., cunha tarima desmontable con mesas e cadeiras en Praza do Eirado do Costal, nº 15-baixo-Cangas, desde o 1 de marzo de 2016 ao 28 de febreiro de 2017.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. P. F. (CAFETERÍA-HOTEL "JUCAMAR"), para a ocupación de 24,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras na Avda. de Marín, nº 5-Cangas, desde o 1 de marzo ao 30 de setembro do ano que andamos, debendo respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. C. M., en representación de "SOCIEDAD CAFETERA DEL MORRAZO, S.L." (CAFETERÍA "O TOSTADEIRO"), para a ocupación de 20,00 m<sup>2</sup>., cunha tarima desmontable con mesas e cadeiras enfrente do local na Avda. de Lugo, nº 24-Coiro, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, enfrente do local sito no referido lugar.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR D. N. P. (CAFETERÍA "EL PASEO") para a ocupación de 40,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 23-Cangas, desde o 1 de marzo ao 30 de setembro do ano que andamos.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. R. O. O. (BAR ALONDRAS), en representación de "BAR ALONDRAS, CB", para a ocupación de 12.00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras diante do seu local na Rúa Montero Ríos nº 8-Cangas, desde o 1 de marzo ao 30 de setembro do ano que andamos.

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR L. G. C. en representación de "CASA MACILLOS, SL" (BAR "MACILLOS"), para a ocupación de 9,35 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras ao lado da fachada do local sito en rúa Saralegui, nº 24-Cangas, desde o 15 de xuño ata o 15 de setembro do ano que andamos.

7.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. L. F. A. (CAFETERÍA "ANAMAR"), para a ocupación de 16,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras na Avda. de Bueu, nº 16-baixo-Cangas, desde o 1 de maio ao 31 de outubro do ano que andamos.



## Concello de Cangas

8.- SOLICITUDE PRESENTADA POR H. J. A. M. F., en representación de "AIRIÑOS DO MAR, S.L.", (CAFETERÍA "AIRIÑOS DO MAR"), para a ocupación de 50,00 m<sup>2</sup>., na Avda. de Eugenio Sequeiros, nº 30-Cangas, durante a tempada 2016-2017 (desde marzo en adiante).

### **CONDICIÓNS**

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2016, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostelería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de rebogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas



## Concello de Cangas

no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha xoa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

## **URBANISMO E PATRIMONIO**

### **3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 3 DE MARZO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

#### **3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:**

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.



## Concello de Cangas

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.



## Concello de Cangas

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

\*\*\*

EXPEDIENTE Nº 24.486.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.382.- A J. N. C., outorgase un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras amparadas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

### 3.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 31/2015.- En relación coa solicitude de autorización previa para legalización e rehabilitación de edificación para vivenda e anexos, promovido por J. L. F. A., a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO.-** Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica de J. L. F. A., no senso de tramitar en solo rústico legalización e rehabilitación de edificación para vivenda e anexos no lugar de Rodeiro-Piñeiro - Aldán(referencia catastral 36008A025000040001KM), de conformidade co proxecto da arquitecta R. D. R. de agosto de 2.015, **o uso é autorizarle pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 40 e a DT 1 f) da LOUGA.**

**SEGUNDO.-** Remitir o expediente completo tramitado á Consellería competente en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo(Secretario ou Secretaria Xeral competente en materia de Urbanismo), para que examine a adecuación da solicitude citada anteriormente á Lei 9/2002, de 30 de decembro, e aos instrumentos de ordenación do territorio, e para que resolva no prazo de tres meses, unha vez sometido o expediente ó trámite de información pública contido no artigo 41 da LOUGA.

**TERCEIRO.-** Solicitar o preceptivo informe do POL, así como do Servicio de Patrimonio ó emplazarse a obra solicitada na zona de afección do xacemento GA36008055 e GA36008064.



Concello de Cangas

#### **4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

##### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 17 92.- SUMIN MORRAZO,S.L. , bazar en Avda. De Marín, 24 .

EXPEDIENTE Nº 1814.- CARITAS DIOCESANA, cambio titularidade de almacén en Avda. De Vigo,63.

EXPEDIENTE Nº 1845- CARRERA ÑORES,S.L.,cambio de titularidade de local para venda electrodomésticos en Rúa Noria, 4.

EXPEDIENTE Nº 1846.- J. M. P. G., cambio titularidade cafetería en rúa Redondela, 4.

EXPEDIENTE Nº 1890.- MOSFARMA PARAFARMACIAS, S.L,, cambio de titularidade local parafarmacia en Rúa Méndez Núñez, 49.

##### FACENDA

#### **5º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

##### **5.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
ANCORADOURO SL	AVAL	3.792,70 €	EXPEDIENTE Nº 24.902
T. I. C.	FIANZA	682,76 €	EXPEDIENTE Nº 24.997

##### **MOCIDADE E VOLUNTARIADO**



Concello de Cangas

## **6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MOCIDADE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DE GASTO PARA A CELEBRACIÓN DO "14º CERTAME DO CÓMIC"**

Dase conta de proposta do día 01.03.2016 do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a aprobación de gasto para a celebración do "14º CERTAME DO CÓMIC DE CANGAS", que é como segue:

*"PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*D. Andrés García Bastón, Concelleiro de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas*

*INFORMA:*

*Á Xunta de Goberno Local que o gasto derivado da celebración do '14º Certame do Cómic' ascende a oitocentos euros (800,00 €), en concepto de pago de premios.*

*SOLICITA: se proceda a aprobación deste gasto."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a aprobación de gasto para a celebración do "14º CERTAME DO CÓMIC DE CANGAS".

## **7º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MOCIDADE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DE GASTO PARA A CELEBRACIÓN DO "17º SALÓN DO CÓMIC E A ILUSTRACIÓN"**

Dase conta de proposta do día 01.03.2016 do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a aprobación de gasto para a celebración do "17º SALÓN DO CÓMIC E A ILUSTRACIÓN", que é como segue:

*"PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*D. Andrés García Bastón, Concelleiro de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas*

*INFORMA:*





## Concello de Cangas

*Á Xunta de Goberno Local que o gasto derivado da celebración do '17º Salón do Cómic e a Ilustración' do 18 ao 24 de xullo ascende a catro mil oitocentos cincuenta e sete euros con trinta e cinco céntimos (4.857,35 €).*

*SOLICITA: se proceda a aprobación deste gasto."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a aprobación de gasto para a celebración do "17º SALÓN DO CÓMIC E A ILUSTRACIÓN".

### **CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **8º.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL XIRIA E O CONCELLO DE CANGAS S/DESENVOLVER A XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS**

Dase conta de documento de convenio de colaboración entre a ASOCIACIÓN CULTURAL "XIRIA" e o Concello de Cangas, para desenvolver a "XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS", cuxo texto é como segue:

*"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL 'XIRIA' E O ILMO. CONCELLO DE CANGAS PARA DESENVOLVER A 'XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS'*

#### *REUNIDOS*

*Por unha banda, D. Xosé Manuel Pazos Varela, Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Cangas.*

*Por outra banda, D. M<sup>a</sup>. X. M. A., con D.N.I.: 35.300.619N, presidenta da Asociación Cultural 'XIRIA', con CIF nº: G36024990 e domicilio en rúa As Xegadas, nº 9-36940 Cangas.*

#### *INTERVEÑEN*

*Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecéndose reciprocamente, capacidade e abrogándose nos termos deste documento.*



## Concello de Cangas

### EXPOÑEN

*PRIMEIRO.- Que o Concello, de conformidade co art. 25.2 m) da Lei 7/85, de 2 de abril, ostenta entre as súas competencias a promoción da cultura, debendo prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións culturais da cidadanía.*

*SEGUNDO.- Que a Asociación Cultural XIRIA é unha asociación sen ánimo de lucro, encargada de organizar e xestionar diferentes proxectos en prol da recuperación, defensa e promoción do patrimonio cultural de Galicia, centrando a súa actividade no cine e moi especialmente nas artes escénicas.*

*TERCEIRO.- Que a Asociación Cultural XIRIA organiza a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas desde a súa creación, no ano 1984, sendo o festival teatral máis antigo e un dos máis prestixiosos entre os que se celebran en Galicia.*

*CUARTO.- Que, se ben, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:*

*a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*

*b) Aquelas cuxo otorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.*

*c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*

*QUINTO.- Que segundo o artigo **26.1** da Lei de Subvencións de Galicia, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto neste.*

*SEXTO.- Que ámbalas partes manifestan un mutuo interese por:*

*1.- A cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a divulgación e fomento das actividades teatrais entre os habitantes do Concello de Cangas.*



## **Concello de Cangas**

*2.- Desenvolver a XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS do 1 ao 10 de xullo de 2016.*

*Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan, para os efectos oportunos, subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:*

### **CLÁUSULAS**

*PRIMEIRA.- A Asociación Cultural XIRIA coorganizará co Ilmo. Concello de Cangas a XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS.*

*SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a:*

*- Aportar a cantidade de catorce mil euros (14.000,00 €) á Asociación Cultural XIRIA para o desenvolvemento da XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS, con cargo á partida 334.48 do orzamento municipal para o exercizo 2016.*

*- Aboar en concepto de pago anticipado, de acordo co previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, un total de once mil douscentos euros (11.200,00 €) (80% do importe total). Non se esixirá garantía.*

*TERCEIRA.- A Asociación Cultural XIRIA comprométese a:*

*- Executar no desenvolvemento da XXXII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS o orzamento elaborado que se adxunta a este convenio.*

*- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á celebración de espectáculos e actividades.*

*- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.*

*- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Concello, nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.*



## Concello de Cangas

*CUARTA.- A Asociación Cultural XIRIA comprométese, así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, no prazo de 90 días posteriores á finalización do evento, os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que incluírán memoria detallada do programa da actividade desenvolvida, orzamento de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*QUINTA.- Establécese a obrigación, por parte da Asociación Cultural XIRIA, de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*SEXTA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas a sete de marzo de dous mil dezaseis.*

*Polo Ilmo. Concello de Cangas  
XIRIA  
O ALCALDE*

*Pola Asociación Cultural  
XIRIA  
A PRESIDENTA*

*Xosé Manuel Pazos Varela*

*M<sup>a</sup>. X. M. A."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o convenio de colaboración entre a ASOCIACIÓN CULTURAL "XIRIA" e o Concello de Cangas, para desenvolver a "XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS".

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. alcalde para a sinatura do convenio de referencia.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Cultura e Intervención.



Concello de Cangas

## URXENCIAS

### ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DA CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS S/APROBACIÓN DE GASTOS PARA ORGANIZACIÓN DE PERCORRIDO DUN TRAMO DO CAMIÑO DE SANTIAGO**

Dase conta de proposta do 22.02.2016 do concelleiro de Servizos Sociais, referente a aprobación de gastos para organización de percorrido dun tramo do Camiño de Santiago, que é como segue:

*"PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*D. Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade e D. Andrés García Bastón, concelleiro de Mocidade*

*INFORMA: á Xunta de Goberno Local, do orzamento derivado da organización dun percorrido dun tramo do Camiño de Santiago, para un grupo de 50 persoas, desde o día 18 ao 22 de marzo, para que se proceda a aprobación do gasto.*

*ETAPAS:*

*Sarria - Portomarín (22 Km)*

*Portomarín - Palas (22 Km)*

*Palas - Arzúa (28 Km)*

*Arzúa - O Pino (22 Km)*

*O Pino - Santiago (18 Km)*

*Grupo máximo de 50 (30 mínimo) participantes a partir de 14 anos.*

*Prezo por persoa 75 € (60 € con carné xove).*

*INCLÚE: transporte Cangas-Sarria e Santiago-Cangas, aloxamento e almorzo, vehículo de apoio de 9 prazas e desprazamento de equipamento dos participantes e 3 monitores titulados especialistas en actividades no medio natural.*



## Concello de Cangas

### MEMORIA ECONÓMICA

*GASTOS: (para 30 participantes)*

- ALOXAMENTO E ALMORZO: .....	1.590,00 €
- MONITORES, COCHE DE APOIO: .....	1.360,00 €
- AUTOBÚS: .....	810,00 €
TOTAL: .....	3.760,00 €

*INGRESOS: 75 € x 30 pax= .....* 2.250,00 €

*APORTACIÓN CONCELLO:.....* 1.510,00 €".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade coa advertencia realizada pola interventora, acorda aprobar a proposta conxunta da Concellería de Mocidade e Voluntariado e da Concellería de Servizos Sociais, transcrita anteriormente, sempre e cando os gastos non superen aos ingresos.

### **B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN**

Dase conta de informe emitido o día 25.02.2016 pola Policía Local, referente a prohibición de estacionar no Cruceiro de Sínulis, que é como segue:

"Nº REX: 329/16

*ASUNTO: PROHIBICIÓN DE ESTACIONAR NO CRUCEIRO DE SÍNULIS*

*O departamento de sinalización da Policía Local por medio do presente fai constar:*

*Que no cruceiro de Sínulis, na rúa Álvaro Gutiérrez están a estacionar vehículos na marxe esquerda desta, dificultando a circulación rodada.*

*Que se proceda a colocar unha sinal de prohibido estacionar provisional para solucionar o problema de estacionamento que se produce nas inmediacións do cruceiro".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar



## Concello de Cangas

Íntegramente o informe da Policía Local transcrito anteriormente referente á prohibición de estacionar no Cruceiro de Sínghulis.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente